



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 777/2015.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **26 de novembro de 2015 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 24 de setembro de 2015.

2.- Aprobación do Regulamento de uso das piscinas municipais de Padrón.

3.- Moción da CIPa reiterando e instando o cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2014 trala moción presentada por CIPa sobre redacción de ordenanza para regular as actuacións sobre as liñas aéreas de baixa, media e alta tensión que hipotecan o crecemento urbanístico do casco urbano de Padrón.

4.- Moción da CIPa para requirir á Xunta de Galicia o cumprimento do compromiso de construción dun cinturón norte-sur en Padrón para solucionar as deficiencias da rede de abastecemento.

5.- Moción da CIPa para instar á Xunta de Galicia para que proceda ao recoñecemento oficial do Camiño Xacobeo de Padrón.

6.- Moción do grupo político municipal do Partido Galeguista Demócrata sobre a creación dunha comisión de seguimento do Concilida Despertares 2015-2016.

7.- Toma de coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal de Padrón, da Concelleira Dona Carmen María Lois Ferrón.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

8.- Dación de conta do informe trimestral elaborado polo departamento de intervención e tesourería sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo. 3º trimestre de 2015.

9.- Dación de conta das Resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal.

10.- Dación de conta das Resolucións do Alcalde da número 558/2015 á número 776/2015.

11.- Mocións de urxencia.

12.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgno que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-

Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 23 de novembro de 2015

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante mín

A Secretaria



Asdo. Ana María Ares Álvarez